

POS+SOLICITUDE - Obrigatoria - Anexos I- II (III-a) (XI)	Deberán cubrirse obrigatoriamente os seguintes documentos: - Anexo I: Certificación do acordo plenario - Anexo II: Memoria do Plan (Só se o concello non ten facturas pendentes de pago con provedores nas condicións da Base 2): - Anexo III-a): Informe de que o concello non ten facturas pendentes de pago con provedores (Só se o concello solicita préstamo provincial) : - Anexo XI: Informe sobre o cumprimento da lexislación sobre préstamos e o nivel de endebedamento do concello con entidades financeiras
POS+PROVEDORES - Opcional - Anexo III-b) - Achega 2017 e 2018 (non préstamo)	(Só se o concello ten facturas pendentes de pago con provedores nas condicións que se detallan na Base 2): - Anexo III-b): Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores excluíndose as xa financiadas a través do POS+ 2017, aínda que non estean pagadas
POS+ GASTOCORRENTE - Opcional - Anexo IV - Achega 2018	No caso de aplicar achega provincial 2018 para o financiamento do gasto corrente do concello previsto para o exercicio 2018, deberá cubrirse o seguinte documento: - Anexo IV: Informe sobre a previsión dos gastos correntes do concello para o exercicio 2018 asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios segundo a lexislación vixente
POS+ OBRASSUM - Opcional - Proxecto e Anexos V-VI (VII-VIII) - Achega 2017, 2018 e préstamo 2018	No caso de aplicar achega provincial 2018 ou préstamo provincial 2018, para o financiamento de investimentos, deberá realizarse <u>unha entrada por cada investimento</u> cos seguintes documentos: - Proxecto técnico da obra ou prego da subministración - Anexo V: Informe técnico sobre o investimento - Anexo VI: Informe técnico–xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (No caso de préstamo, tamén será obrigatorio cubrir o Anexo XI na convocatoria POS+ SOLICITUDE) No suposto de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de investimentos, terán que ser financeiramente sostibles e para cada un deles deberán cubrirse, ademais, os seguintes documentos: - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
POS+HONORARIOS - Opcional - Anexo IX - Achega 2018	No caso de aplicar achega provincial 2018 para o financiamento de honorarios de redacción de proxectos ou pregos, deberá realizarse unha entrada <u>por cada contrato de redacción de proxecto ou prego</u> co seguinte documento: - Anexo IX: Informe da Secretaría sobre o contrato adxudicado para a redacción do proxecto ou prego para cuxos honorarios se solicita financiamento
POS+ACHEGAS - Opcional - Anexos X (VII-VIII) - Achega 2017 e 2018	No caso de aplicar achega provincial 2018 para o financiamento de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios, deberá realizarse unha entrada, <u>para cada achega municipal para a que se solicite financiamento</u>, co seguinte documento: - Anexo X: Informe sobre a achega municipal ao investimento doutro Plan, Programa ou Convenio No suposto de aplicar achega provincial 2017, terán que ser para investimentos financeiramente sostibles e para cada un deles deberán cubrirse, ademais, os seguintes documentos: - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
POS+AMORTIZACIÓN Opcional - Anexo XII - Préstamo 2018	No caso de aplicar préstamo provincial 2018 para reducir débeda do concello con entidades financeiras, deberá cubrirse o seguinte documento: - Anexo XII: Datos da débeda con entidades financeiras a reducir con cargo ao préstamo provincial 2018 (Neste caso tamén será obrigatorio cubrir o Anexo XI na convocatoria POS+ SOLICITUDE)
POS+COMPLEMENTARIO - Opcional - Proxecto ou prego e Anexos V-VI- VII- VIII	O concello deberá obrigatoriamente solicitar no Plan Complementario investimentos financeiramente sostibles por un importe total mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada, para o que deberán cubrirse os seguintes documentos realizando unha entrada por cada un dos investimentos financeiramente sostibles: - Proxecto técnico da obra ou prego da subministración financeiramente sostible - Anexo V: Informe técnico do investimento financeiramente sostible - Anexo VI: Informe técnico–xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención (Excepcionalmente, no suposto previsto no penúltimo parágrafo da Base 2.1 de que o concello teña débedas con provedores moi elevadas, poderá decidir non presentar investimentos no Plan Complementario porque de producirse incremento de achega provincial ao Plan, destinaríano ao pago destas débedas e indicárase esta circunstancia na táboa do apartado 2 do Anexo I relativo ao Plan complementario).

Non se teñen que cubrir necesariamente as 8 convocatorias, senón só as que son obrigatorias (POS+SOLICITUDE) e as demais que opcionalmente decida solicitar o concello.